

BASES DO XXXVIII CONCURSO DE CANTERÍA DA XXXI
FEIRA DA CANTERÍA, CALLOS E ARTESANÍA DE
PARGA 2026

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do XXVIII Certame de Cantería de Parga que se celebrará no marco da XXXI Feira da Cantería, Callos e Artesanía o próximo Domingo 19 de xullo de 2026.

A finalidade deste certame é promocionar o oficio de canteiro así como a pedra, que é un dos recursos turísticos máis importantes do noso Concello.

SEGUNDA : PARTICIPANTES .

Poderán participar no certame os maiores de idade .

A participación no concurso está limitada a 15 participantes, as solicitudes serán admitidas por rigoroso orde de inscrición.

TERCEIRA. TEMÁTICA , TÉCNICA E FORMATO.

- A organización terá disposto para tódolos participantes “ CACHOTES “ de granito Silvestre .
- O tema será libre.
- Os participantes terán que vir provistos das ferramentas manuais que eles consideren máis axeitadas para a realización das súas obras (macetas, punteiros, ciceis,... Etc).
- Disporán para labrar a pedra dende as **09:00h ata as 14:00 h** do día de celebración da feira, é dicir, do 19 de xullo de 2026, podendo adicarlle o tempo que cada un deles estime oportuno entre esas horas. Antes de comezar a traballar identificaranse á organización presentando o DNI .



CUARTO. PREMIOS

As contías dos premios serán as seguintes:

- ❖ 1º Premio de 750 €
- ❖ 2º Premio de 500 €
- ❖ 3º Premio 250 €

As obras que resultaran premiadas pasarán a ser propiedade da organización. A resolución de concesión de premios realizarase mediante Decreto de Alcaldía

Os premios estarán suxeitos á retención do IRPF de acordo coa lexislación vixente.

QUINTO . INSCRICIÓN.

A inscrición poderase facer cumprimentando a solicitude de participación no modelo oficial de instancia (Anexo I) que estará a disposición dos/das interesados/as na sede electrónica do concello <https://guitiriz.sedelectronica.gal/info.0>, na páxina web www.concellodeguitiriz.com ou no rexistro xeral do Concello (Rúa do Concello, nº4, C.P. 27300 Guitiriz - Lugo) ou ben nos lugares e na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo de inscrición será dende o día seguinte a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) ata o 13 de xullo de 2026.

SEXTO. XURADO.

O xurado estará composto por un mínimo de tres e un máximo de cinco persoas que designará a organización da mesma.

O xurado a hora de valorar terá en conta os seguintes criterios:

- A innovación e orixinalidade da obra.
- A calidade técnica e a estética da escultura.
- A complexidade da execución da peza.

O xurado poderá declarar deserto un ou varios dos premios, si así o acorda a maioría .



SEPTIMO. PAGO DOS PREMIOS.

Os participantes que resulten gañadores recollerán o día do certame un vale do premio.

Os aboamentos dos premios serán tramitados polo Concello de Guitiriz a través dunha transferencia bancaria.

Para poder realizar a transferencia do premio, os gañadores deberán solicitar antes do 30 de agosto, no rexistro das oficinas do Concello ou a través da sede electrónica (instancia xeral) a seguinte documentación:

- Copia do DNI
- Certificación do número de conta.

SEPTIMO. ACEPTACIÓN DAS BASES.

A participación neste concurso implica o coñecemento e a total aceptación das bases .

A organización completará co seu criterio as omisións que puideran producirse na redacción destas bases, e as dúbidas que ofrecerá a súa interpretación, sendo o seu fallo inapelable.

OITAVA: AUTORIZACIÓN DO DEREITO DE USO DO USO DA IMAXE E DATOS.

En cumprimento da normativa vixente de protección de datos de carácter persoal, informase de que os datos persoais que se solicitan nestas bases serán tratados polo responsable do tratamento, o CONCELLO DE GUITIRIZ con domicilio situado en RUA DO CONCELLO, 4, 27300-Guitiriz e enderezo electrónico do delegado de protección de datos info@concellodeguitiriz.com. Os datos recadados serán empregados para a xestión e control da actividade descrita nas presentes bases, así como para xestión administrativa derivada da mesma. Tódolos participantes polo feito de inscribirse, autorizan ao Concello de Guitiriz a realizar e utilizar as fotografías e vídeos tomados no transcurso do concurso e



facer uso de ditas imaxes de xeito respectuoso e responsable na promoción e difusión nas redes sociais, páxina web, así coma calquera outro medio de comunicación. A presentación

da instancia de participación por parte das persoas aspirantes, suporá unha clara acción afirmativa para o tratamento dos seus datos persoais. Se o desexa, pode acceder ós datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, o exercicio dos seus dereitos. Pode acceder a información adicional e detallada sobre Protección de Datos ou consultala en <https://concellodeguitiriz.com/politica-proteccion-datos/>

ANEXO I

FICHA DE INSCRIPCIÓN XXVIII CERTAME DE CANTERÍA PARGA, 19 DE XULLO DE 2026

NOME: _____

APELIDOS: _____

DNI: _____

ENDEREZO: _____

TELÉFONO: _____

E.MAIL: _____

AUTORIZACIÓNS (SINALE CON X O QUE PROCEDA)

SI
Autorizo

NON
Autorizo



IMAXE- Autorización para toma de fotografías e utilización da imaxe e vídeos durante a celebración do concurso para o seu uso na difusión e promoción nas nosas redes sociais, páxina web e/ou medios de comunicación en xeral.		
--	--	--

INFORMACIÓN PROTECCIÓN DE DATOS.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE GUITIRIZ , coa dirección RÚA DO CONCELLO Nº4, 27300-Guitiriz (Lugo); correo electrónico do Delegado de Protección de Datos info@concellodeguitiriz.com

1. FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para xestionar a participación na actividade promocionada descrita na presente solicitude, así como a xestión administrativa derivada da mesma.

2. PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas.

3. LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular e o interese público.

4. DESTINATARIOS DE CESIÓNS: CONCELLO DE GUITIRIZ cederá os datos de carácter persoal baixo obriga legal e os encargados de tratamento para desenvolver a actividade correctamente.

5. DEREITOS: Vostede pode exercer os seus dereitos de protección de datos en calquera momento; para elo, pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar ao CONCELLO DE GUITIRIZ o formulario de exercicio de dereitos, sempre acompañado dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

6. INFORMACION ADICIONAL: Pode solicitar por correo electrónico a información adicional e detallada sobre Protección de Datos ou consúltala en <https://concellodeguitiriz.com/politica-protección-datos/>

Asdo.:

En Guitiriz a de de 2026.

